

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE FEBREIRO DE  
2006-**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

**CONCELLEIROS:**

Dna. Isabel García Toirán  
D. Manuel López López.  
D. José Rodríguez Pérez  
D. Manuel Gay Fernández  
D. José Fernández López

No salón de Sesiões da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 17,30 hrs. do día 24 de Febreiro do ano 2.006, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1ª convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Non asisten á sesión os sres. concelleiros seguintes: D. Francisco López Castaño, D. Xosé López Gai e Dna. Mª Jesús Gil Castro.

Da fe do acto o Secretario-Interventor titular da Corporación, D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-**

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o Borrador da Acta da Sesión anterior celebrada o día 26 de Xaneiro de 2.006

Ó non formularse reclamacións nin observacións á mesma , queda aprobada por unanimidade.

**2.-APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2006**

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Orzamento desta Entidade, formado para o exercicio 2006 polo Sr. Alcalde-

Presidente deste Concello.

Considerando, que na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 164 a 168, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Visto, o informe emitido pola Secretaría-Intervención obrante no devandito expediente:

Ábrese o turno de quendas:

➤ O Sr. Concelleiro do PsdeG-PSOE D. José Fernández López manifesta que antes de debatir sobre a aprobación do orzamento deste ano deberíase aprobar as contas do exercicio anterior, deixando polo tanto este asunto sobre a mesa para unha sesión posterior.

De orde da Presidencia, aclárase por Secretaría-Intervención que segundo a normativa vixente o prazo límite de presentación para aprobación dos orzamentos polo Pleno é o 15 de Outubro do ano anterior e nembargantes o prazo límite previsto para aprobación das contas municipais do exercicio correspondente é o 1 de Outubro do exercicio seguinte. Por iso a propia normativa establece que dentro dos documentos a achegar ós orzamentos se xunte a liquidación do orzamento do exercicio anterior e un avance da liquidación do orzamento en curso.

Volve intervir o Sr. Fernández López e sinala que o proxecto de orzamentos están ben elaborados, pero non hai unha partida orzamentaria nos mesmos para o acondicionamento das vías municipais, as cales se atopan en moi mal estado. Poderíase proceder polo Concello a eliminar aqueles buratos máis necesarios mediante a dotación de zahorra.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que se trata duns orzamentos municipais ambiciosos.

En canto ó rebacheo das vías municipais entende que o Concello cumpriu con creces coas súas obrigas e así cun grande esforzo económico procedeuse no ano 2005 ó acondicionamento de todas aqueles accesos que non estaban incluídos no Plano de Infraestructuras Rurais da Consellería de Política Agralimentaria e Desenvolvemento Rural.

É certo que algunhas destas vías se atopan en moi mal estado e son precisamente ás que se corresponden coas obras suspendidas polo actual equipo da Xunta de Galicia; Recentemente téñense novas de que se vai acometer neste ano o investimento previsto polo importe de 135.000,00 € pero a sorpresa xorde porque non chega para acometer tódalas obras inicialmente previstas, tan só para

aproximadamente a cuarta parte, por iso o problema actual é escoller as pistas que se van acondicionar dadas as discriminacións que isto orixina.

Se non hai outra solución, acometerase con fondos municipais o acondicionamento con zahorra daquelas actuacións máis necesarias.

Volver intervir o Sr. Fernández López e manifesta que hai máis gastos en operacións correntes e financeiras que en gastos necesarios de inversión.

O Sr. Alcalde resposta que eses gastos correntes tamén van en beneficio dun mellor servizo ós veciños do municipio.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con 5 votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular e 1 abstención do Concelleiro do PsdeG-PSOE, acorda:

- 1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2.006 a contía do mesmo quedou fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, nun total de Euros de DOUS MILLÓNS CENTO VINTEOITO MIL OITECENTOS VINTESETE CON CATRO CÉNTIMOS (2,128.827,04 €), asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

### ESTADO DE GASTOS

Capítulos	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de Persoal.....	842.933,83
2	Gastos en bens correntes e servicios.....	287.923,20
3	Gastos Financeiros.....	14.000,00
4	Transferencias correntes.....	44.000,00
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Investimentos Reais.....	781.170,01
7	Transferencias de Capital.....	20.800,00
8	Activos Financeiros.....	.....
9	Pasivos Financeiros.....	138.000,00
	<b>Suma Total de Gastos.....</b>	<b>2,128.827,04</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

Capítulos	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Impostos Directos.....	165.600,00
2	Impostos Indirectos.....	12.000,00
3	Taxas e Outros Ingresos.....	49.860,00
4	Transferencias correntes.....	1.083.180,00
5	Ingresos Patrimoniais.....	1.660,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Alleamento de Investimentos reais.....	360,00
7	Transferencias de Capital.....	466.813,00
8	Activos Financeiros.....	62.274,92
9	Pasivos Financeiros.....	287.079,12
	<b>Suma Total de Ingresos.....</b>	<b>2.128.827,04</b>

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución do devandito Orzamento.

3º.- Aproba-lo Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo da Entidade tal e como preceptúa o artigo 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

4º.- Que se expoña ó público polo prazo de 15 días hábiles, ós efectos de reclamacións, consonte ao preceptuado no artigo 169 do devandito Texto Refundido.

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia ( B.O.P. ) e no Taboleiro de Anuncios deste Canceleiro, xuntamente co Cadro de Persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto

Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169 do Texto Refundido.

6º.- Que segundo o número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día , pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 18,20 horas do día ó principio indicado, de todo o cal eu o Secretario dou fe.